



Resolución do 20 de marzo de 2020, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fan públicas as vacantes definitivas que serán obxecto de provisión no concurso de traslados entre persoal funcionario docente do corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas, música e artes escénicas, artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional, mestres de taller de artes plásticas e deseño, mestres, inspectores ao servizo da Administración educativa e inspectores de educación.

Pola Orde do 8 de outubro de 2019 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 200, do 21 de outubro) convocouse o concurso de traslados entre persoal funcionario docente dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas, música e artes escénicas, artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional, mestres de taller de artes plásticas e deseño, mestres, inspectores ao servizo da Administración educativa e inspectores de educación.

De conformidade co que establece a base segunda da dita orde, esta dirección xeral

RESOLVE

Primeiro. Publicar nos anexos desta resolución que de seguido se indican as vacantes definitivas para o curso 2020/2021 dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas, profesores técnicos de formación profesional, catedráticos de música e artes escénicas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño, mestres de taller de artes plásticas e deseño, inspectores de educación e mestres.

- | | |
|-------------|-----------------------------------|
| Anexo I: | Vacantes definitivas do corpo 590 |
| Anexo II: | Vacantes definitivas do corpo 591 |
| Anexo III: | Vacantes definitivas do corpo 592 |
| Anexo IV: | Vacantes definitivas do corpo 593 |
| Anexo V: | Vacantes definitivas do corpo 594 |
| Anexo VI: | Vacantes definitivas do corpo 595 |
| Anexo VII: | Vacantes definitivas do corpo 596 |
| Anexo VIII: | Vacantes definitivas do corpo 555 |
| Anexo IX: | Vacantes definitivas do corpo 597 |

Segundo. Todas as vacantes definitivas que figuran nos anexos desta resolución poderán ser obxecto do concurso de traslados.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela
O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

